

CONTRATO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "XIMNASIO E PISTA DE SQUASH CUBERTA NO PAVILLÓN DE BERTAMIRÁNS"

Na Casa do Concello de Ames a 15 de novembro de 2017

REÚNENSE:

Dunha parte don José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido pola secretaria da Corporación dona Rosa Ana Prada Queipo, en execución dun acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de outubro de 2017.

Doutra parte Don Eulogio Viñal Iglesias, con NIF 32.788.372-D, na súa condición de administrador da empresa Eulogio Viñal Obras y Cosntruccion SA con CIF A-15352735 e domicilio social na rúa Penateixa, 13, Gándara do Concello Oroso (A Coruña).

Constitúe o obxecto da presente reunión a formalización do contrato das obras ao comezo indicadas e ao obxecto establecen as seguintes

CLÁUSULAS:

1ª.- O Concello de Ames adxudica a Eulogio Viñal Obras y Cosntruccion SA con CIF A-15352735 a realización das obras de "ximnasio e pista de squash cuberta no pavillón de Bertamiráns" no prezo de oitenta mil oitocentos vinte e dous euros e cincuenta e oito céntimos **(80.822,58.- Euros)**, máis o IVE correspondente ao 21% que ascende a contía de dezaseis mil novecentos setenta e dous euros e setenta e catro céntimos **(16.972,74.- €)** de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3ª.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- A obra será executada no prazo máximo de **5 meses**, contados a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **4.041,13-** Euros, mediante aval bancario de "AFIGAL S.G.R." inscrito no rexistro oficial de avais co número de rexistro 49.258.

6ª.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria, certifico.

O ALCALDE,

Concello
de AMES

Pz. Do Concello, nº 2, Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
Telf: 981 883 002 Fax: 981 883 925

A SECRETARIA,-

O CONTRATISTA,-